Pola secretaria dáse conta da petición efectuada por Dna. Berta Ferrer Mercadal provista de DNI 46119122-M, avogado, apoderado da compañía REALE SEGUROS GENERALES S.A con CIF número: A78520293 e Manuel López Méndez con NIF 44821494Z, ambos con domicilio a efectos de notificacións en rúa Roger de flor 16, 08018 Barcelona, presentada no Rexistro Xeral da Delegación do Goberno en Cataluña en data 22/03/2016 e que tivo entrada neste concello en data 28 de marzo de 2016, co número de rexistro 593, solicitando reclamación patrimonial polos danos causados en vehículo propiedade de Manuel López Méndez, matrícula 4932HVZ, marca AUDI, asegurado en Reale, causados polas ramas dunha árbore na prazo Campo da Feira ao carón da casa de cultura, ocasionando danos en diversas partes do vehículo. De conformidade co Título X da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, que regula a responsabilidade das Administracións Públicas e que ten o seu desenvolvemento regulamentario no Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, no seu artigo 6 se determinan os requisitos necesarios para que pros-

pere a acción. Visto o informe elaborado ao efecto polo encargado de obras e urbanismo deste concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a petición efectuada por Dna. Berta Ferrer Mercadal provista de DNI 46119122-M, avogado, apoderado da compañía REALE SEGUROS GENERALES S.A con CIF número: A78520293 e Manuel López Méndez con NIF 44821494Z, solicitando reclamación patrimonial polos danos causados en vehículo propiedade deste último, matrícula 4932HVZ, marca AUDI, asegurado en Reale, causados polas ramas dunha árbore na praza Campo da Feira ao carón da casa de cultura, ocasionando danos en diversas partes do vehículo, por importe de 748,26 Euros.

SEGUNDO.- Dar traslado de dita reclamación á compañía de seguros MAPFRE España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A coa que este concello ten contratada a póliza de responsabilidade civil xeral 0961470080907, a través da Correduría María Isabel Gómez Arto para que se faga cargo da indemnización que reclaman. Correspondendo ao Concello o pago de 300 Euros de franquicia que contén a citada póliza.

5.4.- ESCRITO DE D. XESÚS SEOANE TABOADA EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE SAT SEOANE Nº 843 XUGA, SOLICITANDO DEVOLUCION DA FIANZA DEPOSITADA EN METÁLICO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS CONTEMPLADAS NA LICENZA LO 45/2008.

Pola secretaria dáse conta da solicitude de devolución de fianza presentada por D. Xesús Seoane Taboada con DNI 33249313F en representación da entidade SAT SEOANE Nº 843 XUGA CIF V15380306, presentada en data 1 de marzo de 2016, co número de rexistro 417, referente á fianza depositada mediante transferencia bancaria para garantía das obras de urbanización contempladas na licenza LO 45/2008 para Mellora medioambiental de explotación gandeira sita en Orros, parroquia de Andabao, por importe de 922,44 Euros.

Visto o informe emitido polo técnico municipal, en data 16 de marzo de 2016, no que se indica que as obras foron realizadas axeitadamente, polo que procede á devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, en virtude da previsión do informe do técnico municipal, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Xesús Seoane Taboada en representación da entidade SAT SEOANE Nº 843 XUGA para garantía das obras de urbanización contempladas na licenza LO 45/2008 para Mellora medioambiental de explotación gandeira sita en Orros, parroquia de Andabao, por importe de 922,44 Euros.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contables para a súa tramitación.

5.5.- ESCRITO DE DNA. MARÍA JESÚS FERRO GENDRA EN REPRESENTACIÓN DA EMPRESA LUZ PUNTUAL, S.L., SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA EN METÁLICO POLO SERVIZO DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS E ALUMEADO PROVISIONAL PARA O FESTIVAL DE LA LUZ COSECHA 2015.

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado por Dna. María Jesús Ferro Gendra en representación da empresa Luz Puntual, S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 587 con data 23/03/2016, no que solicita a devolución da fianza depositada mediante transferencia bancaria como garantía definitiva das obrigas polo seguinte subministro:

Denominación	Importe aval	
Servizo de instalacións eléctricas e alumeado provi-		

sional para o Festival de la Luz Cosecha 2015	2.000,00 €	
---	------------	--

Resultando que dito contrato xa finalizou, habendo cumprido o adxudicatario coas condicións establecidas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Devolver a referida garantía definitiva, por haberse cumprido o servizo contratado e coas condicións establecidas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada e dar traslado do presente acordo aos servizos contables para a súa tramitación.

5.6.- ACLARACIÓN DO PUNTO SÉTIMO DO ACORDO DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA MANTEMENTO EN COMÚN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA APROBADO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 26 DE NOVEMBRO DE 2015.

Pola secretaria dáse conta que no punto sétimo do acordo de aprobación do convenio de cooperación para mantemento en común do servizo de normalización lingüística en sesión celebrada pola Xunta de Goberno de Local acórdase que a traballadora Sylvia Cea Vázquez verá incrementado o seu salario e pasará pecibir pagas extras.

Visto que a Deputación Provincial dita Resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, durante o ano 2016, concedéndolle ao Concello de Boimorto o importe de 12.000 €uros para mantemento do servizo de normalización lingüística (Boimorto, Sobrado e Arzúa), publicada no BOP nº 44 de 7/03/2016.

Visto o informe de secretaria en relación á resolución da Deputación Provincial da Coruña pola que se aproba a concesión provisional de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, durante o ano 2016 no que sinala que <<...*Polo que respecta ao punto sétimo do Convenio e á modificación puntual do contrato da traballadora Dona Sylvia Cea Vázquez sinalar á excepción ao incremento das retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas sinaladas no Artigo 19 LPXE 2016:*

Excepción ao límite orzamentario contido no artigo 19.2 da LPGE 2016 que determina que no ano 2016, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2015, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

Con todo, aínda que o artigo 19.7 de la LPGE 2016 determina una excepción a los límites de contratación de persoal:

O disposto nos apartados anteriores debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo.

A modificación do salario sería xustificada se os novos obxectivos fosen superiores aos que xa tiña co anterior Convenio.

O feito de que a subvención sexa maior a anos anteriores non xustifica nin constitúe por sí mesmo un motivo excepcional para a modificación do salario, senón que esta circunstancia debería completarse

coa xustificación no expediente de que os obxectivos a cumprir co novo Convenio de Cooperación sexan maiores aos que viña cumprindo a dita traballadora...>>.

Esta modificación polo tanto, entraría na excepción ós incrementos salariais regulados no artigo 19.7 da LPXE 2016, baseándose dita modificación no grao de consecución dos obxectivos fixados e que a continuación xustificamos coa memoria cuio contido é o seguinte:

<<MEMORIA XUSTIFICATIVA INCREMENTO SALARIO NORMALIZADORA LINGÜÍSTICA DO CONCELLO

No ano 2009 empeza a prestar o Servizo de Normalización Lingüística no concello de Boimorto.

En 2012 este servizo pasa a estar formado por unha agrupación de concellos, modificando o contrato de traballo da normalizadora lingüística que prestará os seus servizos en conxunto para os tres concellos, Boimorto, Sobrado e Mesía.

Nesta anualidade, 2016, a técnica modifica de novo o seu contrato aumentando os seus obxectivos. Pasa a prestar os seus servizos de técnica de normalización lingüística ós concellos de Boimorto, Sobrado e Arzúa, deixando de prestar o servizo en Mesía e incorporando ó concello de Arzúa. Isto supón un cambio importante no contrato da traballadora e no convenio anterior.

Na modificación puntual do contrato da traballadora sinalar ó incremento das retribucións do persoal ó servizo das Administracións Públicas, pola excepción sinalada no Artigo 19 LPXE2016, xustificándose dita modificación polo grao de consecución dos obxectivos fixados ó mesmo.

Auméntase, a modo de previsión, o número de traducións, expedientes e correccións que se tramitarán co novo convenio establecido, en relación ó convenio do 2012. Debemos considerar a importancia que o galego está a acadar na sociedade en xeral e na Administración Local en particular. Ademais, o concello de Arzúa ten máis do dobre de poboación que o concello de Mesía.

Debemos lembrar que moitas das funcións da técnica de normalización lingüística están directamente vinculadas ó número de habitantes do concello ou concellos onde presta o servizo: fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade, fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico, promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo e empresarial dos termos municipais, resolver dúbidas lingüísticas á sociedade en xeral... É dicir, o aumento de habitantes implica directamente o aumento dos obxectivos a cumprir polo servizo

Deste xeito, os obxectivos da traballadora son substancialmente maiores ós que viña cumprindo. Pero non só polo número de habitantes, senón tamén porque o uso do galego é cada vez máis frecuente para calquera tipo de acto e documentación realizada no Concello, sendo o galego o idioma oficial.>>

A Xunta de Goberno Local, á vista dos documentos obrantes no expediente, por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Que o convenio asinado entre os Concellos de Boimorto, Sobrado e Arzúa, aprobado en Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2015 sexa ratificado polo Pleno na próxima sesión que celebre, debido a que se trata dunha competencia plenaria.

SEGUNDO .- Unha vez comunicada a aprobación definitiva da resolución da aprobación de concesión de subvención para o servizo de normalización lingüística aplicárase o salario tal e como aparece consignado nos orzamentos correspondentes ao exercicio 2016.

5.7.- APROBACIÓN FACTURA XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES LIXEIROS PLUSES ANUAIS

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes dos pluses anuais introducidos no Convenio Marco para a recollida selectiva e reciclaxe de envases entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes España, S.A. (Ecoembes) asinado o 30 de decembro de 2012 no que se contempla un plus anual variable e un

plus fixo pola recollida de envases lixeiros e a facturación por este concepto levarase a cabo de forma anual, unha vez pechado a facturación do ano precedente.

Aos efectos expresados nos apartados anteriores emitiuse por este Concello as seguintes facturas:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Decembro 2015	20160137	Plus anual fixo recollida selectiva	317,86	31,79	349,65
Decembro 2015	20160138	Plus anual variable recollida selectiva	185,23	18,52	203,75

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20160137 e 20160138 a Ecoembes para que procedan a efectuar o seu pago.

5.8.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de febreiro e marzo da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Febreiro 2016	20160140	Recollida selectiva	1.016,89	101,69	1.118,58
Febreiro 2016	20160141	Plus adicional por transporte ata planta de selección	8,74	0,87	9,61
Marzo 2016	20160143	Recollida selectiva	590,34	59,03	649,37
Marzo 2016	20160144	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,26	0,43	4,69

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20160140, 20160141, 20160143 e 20160144 a Ecoembes para que procedan a efectuar o seu pago.

5.9.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro e marzo da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura
---------	---------------	----------	-----------------

	tura		Importe	Ive 10%	TOTAL
Xaneiro 2016	20160139	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	55,14	5,51	60,65
Febreiro 2016	20160142	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	51,94	5,19	57,13
Marzo 2016	201620145	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	77,54	7,75	85,29

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20160139, 20160142 e 20160145 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

5.10.- SOLICITUDES PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS.

Logo de ver os informes do Departamento de servizos sociais asinado por Dna. María Esther Vidal Pandelo, traballadora social do Concello de Boimorto, en data 31/03/2016 nos que se propón a concesión/denegación do reparto de alimentos en base aos criterios establecidos no Regulamento do programa de axudas de alimentos publicado no BOP nº 118 de data 22/06/2012.

Vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder o reparto de alimentos ás persoas ou familias que se relacionan a continuación:

1º APELIDO	2º APELIDOS	NOME	DNI / NIE
Mata	Aller	Pilar	33251986N
Tito	Palomino	Beatriz	X7958702N

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, xunto co réxime de recursos que poden interpoñer contra o mesmo.

5.11.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE MARZO 2016

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de data 30/03/2016 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 25/02/2016 e o 31/03/2016 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de Colexiada 1397

INFORMO:

1º.- Que por parte de Dna. Nieves Veiga Sánchez presenta solicitude de axuda no fogar por libre concorrencia acadando unha puntuación total de 17 puntos que pasaría a formar parte na lista de espera.

2º.- Que por parte de Dna. María Vázquez Taboada presenta solicitude de axuda no fogar por libre concorrencia acadando unha puntuación total de 16 puntos que pasaría a formar parte na lista de espera.

3º.- Que por parte de Dna. Carmen García Taboada presenta solicitude de axuda no fogar por libre concorrencia acadando unha puntuación total de 23 puntos que pasaría a formar parte na lista de espera.

4º.- Que non existe ningunha variación con respecto ao mes de febreiro na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar queda tal e como se transcribe literalmente:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRENCIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialización de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Josefa Ansede López Lg. Fontiñas (As), 2 , Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos
Andrés García Balado Lg. Aquelavila núm. 12, Buazo, Boimorto	32 puntos	9 puntos	0 puntos	0 puntos	41 puntos
José Peteiro Cajide Lg. Santalla núm. 5, Dormea, Boimorto	38 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	38 puntos
Concepción Lodeiro Rodríguez Rúa Roda núm. 8, Boimorto	32 puntos	3 puntos	0 puntos	2 puntos	37 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Celia Codesido Sesto Lg. Corredoiras, Ánxeles	30 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	33 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Engracia Vázquez Vázquez Lg Vilar, Sendelle, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	31 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	28 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Xoana Ares Fandiño R/ Castro nº 6, Corredoiras, Ánxeles	0 puntos	9 puntos	9 puntos	4 puntos	22 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Guillermo Otero Casal Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	5 puntos	0 puntos	4 puntos	19 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Josefa García Lodeiro r) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	17 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Emilio Somoza Segade Lg Corredoiras, Os Anxeles,Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	12 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos

5º.- Que na lista de usuarios de axuda no fogar por dependencia existe unha baixa por defunción de Sofía García Souto, quedando pendente de adjudicación 70 horas

6º.- Que contempladas estas variacións a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar queda tal e como se transcribe literalmente:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
María Felpete Costoya Boimorto	Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas
Leonardo Cotelo Felpete Boimorto	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuel Pérez García r) Estrada de Lanza, Boimorto	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Jesús Manuel Rúa Quintela Lg Quiño, Rodieiros, Boimorto	Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 45 efectivamente prestadas por petición da familia
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
José Mª Sánchez Cao Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto	Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Antonio Corral Boado Lg. Piñeiro núm. 8 - Cardeiro	Grao III, entre 46 a 70 horas mensuais concedidas e só 45 efectivamente prestadas por petición da familia.
Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Antonio García Salgueiros Lg. Barral núm. 7 - Mercurín	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só se lle pode prestar real e efectivamente 55 horas por ser as únicas que temos dispoñibles
Carmen Varela Bravo Lg Gárdoma, Boimil	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Flora Mato Lorenzo Lg. Piñeiro – Sendelle	Grao II, 21 a 45 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas.
María Segade Mella R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
María Remedios Castro Novo Lg. Lobomorto - Arceo	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Teresa Agra Pampin R/ Gándara nº 52 1º - Boimorto	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas a petición da interesada.

7º.- Que a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no mes de febreiro era a seguinte:

- 1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 4º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 5º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 6º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 7º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 8º.- Sabina Vilariño Vereá, 28 puntos.
- 9º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 10º.- Aurora Novo Andrade, 20 puntos.
- 11º.- Mercedes Carreira Vázquez, 19 puntos.
- 12º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.

- 13º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 14º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 15º.- Dolores Novo Giao, 13 puntos.
- 16º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Boimorto, 31 de marzo de 2016

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo
Traballadora social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Darse por informados do contido do informe emitido pola traballadora social con data 31 de marzo de 2016.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e dependentes mencionada nos considerandos deste acordo.

TERCEIRO.- Á vista do informe emitido pola traballadora social con data 31/03/2016, incluír na lista de espera do servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia a Dna.Nieves Veiga Sánchez (solicitude presentada en data 14/03/2016 rexistro de entrada número 634) no posto doce a Dna.María Vázquez Taboada (solicitude presentada en data 15/03/2016 rexistro de entrada número 635) no posto catorce e a Dna.Carmen García Taboada (solicitude presentada en data 21/03/2016 rexistro de entrada número 636) no posto noveno.

CUARTO.- Aprobar e facer pública a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 4º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 5º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 6º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 7º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 8º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 9º.- Carmen García Taboada, 23 puntos
- 10º.- Aurora Novo Andrade, 20 puntos.
- 11º.- Mercedes Carreira Vázquez, 19 puntos.
- 12º.- Nieves Veiga Sánchez, 17 puntos
- 13º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 14º.- María Vázquez Taboada, 17 puntos.
- 15º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 16º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 17º.- Dolores Novo Giao, 13 puntos.
- 18º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 15:35 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello